


II ENCONTRO INTERNACIONAL DE NOVOS INVESTIGADORES EN ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE (EINIACA)

Santiago de Compostela
20, 21 e 22 de xullo de 2016



ORGANIZA: ARCIAN (ASOC. CULT. DE
ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA
ANTIGÜIDADE)

INFORMACIÓN EN www.arcian.org

CONTACTO einiaca16@gmail.com

COLABORAN:





Asociación Cultural de Arqueoloxía e
Ciencias da Antigüidade
ARCIAN

Fac. de Xeografía e Historia
Praza da Universidade, 1
15782 Santiago de Compostela
asoc.arq.ccaa@gmail.com

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN	3
2. INFORMACIÓN DE CONTACTO	4
3. LUGAR DE REALIZACIÓN	4
4. PROPOSTAS.....	4
4.1. TEMÁTICAS ADMITIDAS.....	5
5. PARTICIPACIÓN.....	5
5.1. PARTICIPACIÓN ACTIVA	5
5.2. PARTICIPACIÓN PASIVA.....	6
6. PREZOS	6
7. CALENDARIO.....	7
8. COMISIÓN ACADÉMICA.....	7
9. COMITÉ ORGANIZADOR	7
10. INSCRIPCIONES.....	7



1. PRESENTACIÓN

A Asociación Cultural de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (ARCIAN) comprácese en anunciarlles a celebración do *II Encontro Internacional de Novos Investigadores en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade* (EINIACA), que terá lugar na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela durante os días 20, 21 e 22 de xullo de 2016.


ARCIAN fúndase o 17 de setembro de 2014 co propósito de promover o coñecemento e a investigación nos ámbitos da Arqueoloxía e as Ciencias da Antigüidade, organizar actividades culturais e divulgativas, e estimular a interacción entre especialistas e novos investigadores en ámbolos dous campos de estudo. A convocatoria deste Encontro supón a continuación de EINIACA 15, co que se pretende seguir co intercambio, coñecemento e diálogo entre investigadores noveis da Arqueoloxía e das Ciencias da Antigüidade. A Asociación, tanto na súa fundación coma na organización do encontro, conta co apoio de diversas institucións académicas.

Nesta actividade, propoñemos o segundo *Encontro Internacional de Novos Investigadores en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade*; este dividirase en varias sesións que abrangerán dende a Prehistoria ata a Antigüidade Tardía. En cada xornada procederase á presentación de comunicacións libres e pósteres, nos que se poderá utilizar material audiovisual, como PowerPoint, transparencias ou diapositivas.

ARCIAN e o Comité Organizador do Encontro Internacional de Novos Investigadores de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (EINIACA) invitan a participar nas xornadas a investigadores que cumpran os seguintes requisitos:

- Alumnos que se atopen realizando estudos de Máster relacionados coa temática do Encontro.
- Estudantes en etapa predoutoral.
- Doutores que non leran a súa tese con anterioridade ao 2013.
- Tamén terán cabida as propostas daqueles investigadores que cursaran unha Licenciatura ou Grao e un Máster, pero non se atopen inscritos nun programa de doutoramento ou pertencen a algunha institución académica.

Debido a que o número de prazas é reducido, todas as propostas serán sometidas a un proceso rigoroso de selección realizado polo noso Comité Científico, integrado por investigadores experimentados e de gran prestixio no ámbito académico.





Todas as solicitudes enviaranse xunto cos seguintes datos:

- Título da proposta en galego, español ou inglés
- Autor ou autores
- Resumo da proposta en galego, español ou inglés (entre 200 e 500 palabras)
- Palabras chave en galego, español ou inglés, ata un máximo de 6
- Correo electrónico
- De ser o caso, centro de procedencia.

4.1. TEMÁTICAS ADMITIDAS

- Arqueoloxía (dende a Prehistoria ata o fin do Imperio romano)
- Prehistoria
- Protohistoria
- Grecia e mundo oriental
- Roma

5. PARTICIPACIÓN

Contémplanse dúas modalidades de asistencia ao Encontro dependendo do tipo de participación; en ambos casos, a persoa interesada deberá cubrir o formulario de inscrición electrónico correspondente e presentar o recibo do pago da matrícula.

5.1. PARTICIPACIÓN ACTIVA

Os interesados en participar en EINIACA16 poderán enviar propostas que estean relacionadas coa temática exposta no apartado anterior. As modalidades de participación activa son dúas: comunicación (15 minutos) ou póster (5 minutos). Nesta última modalidade, os participantes deberán entregar o seu póster en formato A1 vertical (594 x 841 mm) na xornada correspondente con media hora de antelación ao inicio desta. No caso de que o participante o desexe, o Comité Organizador de EINIACA16 ofrece a posibilidade de imprimilo previo aviso.

Cada participante poderá presentar dúas propostas como primeiro asinante, sendo o límite por persoa de tres propostas, independentemente da posición na que asine.

Os idiomas admitidos nas exposicións son galego, español, portugués, inglés, francés ou italiano. Todos os que o desexen poderán apoiar a súa presentación en materiais audiovisuais. Para axilizar o desenvolvemento do Encontro, agradecemos o envío previo das presentacións ao correo electrónico einiaca16@gmail.com.



Os participantes activos deberán encher e enviar o formulario electrónico dispoñible [aquí](#) e realizar o pagamento da matrícula correspondente entre o 10 e o 30 de xuño do 2016.

5.2. PARTICIPACIÓN PASIVA

Tanto ARCIAN como o Comité Organizador de EINIACA16 invitan a participar como oínte a todo aquel que o desexe, independentemente da súa formación académica. Para recibir o certificado de asistencia, a persoa interesada deberá acudir a un mínimo do 80% das actividades. Pero, tanto se o participante desexa obter o certificado de asistencia ou non, deberá formalizar a matrícula electrónica no formulario dispoñible [aquí](#) con data límite o **15 de xullo de 2016** e, no caso de querer dito certificado, deberá abonar as taxas correspondentes antes do 15 de xullo.

6. PREZOS

A formalización dos pagamentos farase na conta bancaria do Banco Santander Central Hispano:

0049 6716 142610016568

IBAN ES09 0049 6716 1426 1001 6568

Código SWIFT BSCH ES MMXX

O xustificante de pagamento deberase remitir xunto coa inscrición ao correo electrónico einiaca16@gmail.com. Esta conta pertence á Asociación Cultural de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (ARCIAN) polo que se, ao realizar o pagamento da matrícula queren cobralle algún tipo de suplemento (excepto nos casos de transferencia bancaria), indique que se trata dunha asociación sen ánimo de lucro.

TIPOS DE PARTICIPACIÓN	PREZOS ESTÁNDAR	PREZOS SOCIOS DE ARCIAN
Comunicación	30€	15€
Póster	15€	7,5€
Asistencia con certificado	10€	Gratuíto
Asistencia sen certificado	Gratuíto	Gratuíto

No caso de ser varios os autores dunha mesma proposta, deberán pagar cada un dos mesmos a matrícula correspondente.

O importe das taxas non será devolto excepto en causas xustificadas.



7. CALENDARIO

Envío de propostas	Do 7 de marzo ao 15 de maio de 2016
Publicación da listaxe de admitidos	10 de xuño de 2016
Participantes activos: inscrición e pagamento da matrícula	Do 10 ao 30 de xuño de 2016
Participantes pasivos: inscrición e pagamento da matrícula	Do 7 de marzo ao 15 de xullo de 2016
Celebración do encontro	20, 21 e 22 de xullo de 2016
Envío dos artigos de comunicacións e pósteres para a súa publicación	Do 23 de xullo ao 20 de novembro de 2016
Publicación da listaxe dos artigos admitidos	1 de marzo de 2017
Prazo de revisión	Do 1 ao 31 de marzo de 2017

8. COMISIÓN ACADÉMICA

A comisión académica a formarán os membros colaboradores con EINIACA e pode ser consultada na nosa páxina web www.arcian.org.

9. COMITÉ ORGANIZADOR

- Miguel Carrero Pazos (Estudante predoutoral USC)
- Rebeca Cordeiro Macenlle (Estudante predoutoral USC)
- Mikel Díaz Rodríguez (Estudante predoutoral USC)
- Alba Antía Rodríguez Nóvoa (Estudante predoutoral USC)
- Alia Vázquez Martínez (Estudante predoutoral USC)
- Benito Vilas Estévez (University of Wales Trinity Saint David)

10. INSCRICIÓN

A continuación axúntanse os formularios de inscrición tanto para a participación activa como para a pasiva.

- Activo: <http://goo.gl/forms/WhUc1eahYL>
- Pasivo: <http://goo.gl/forms/P1Ejiu1wEI>